

Artigo publicado en Pro-Texta, revista Tempos Novos, 2015

Honorarios cobrados: 0€

:: Curiosidade, empatía e o cerebro común de literatura e ciencia ::

Unha morea de cuestións interesantes que o coñecemento científico suma á emoción, o misterio e o asombro ante unha flor

Richard Feynman

A ciencia é un dos métodos cos que a nosa especie expresa a súa curiosidade. Un modo esencial de cultura. Sempre foi así, malia que non sempre os marcos epistemolóxicos dunha e outra [cultura e ciencia] nos permitiron ver o bosque. De feito, cando pensamos na cultura ou na arte convencionalmente aceptadas non se nos ocorre unha estufa de cultivos biolóxicos ou unha sonda do tamaño dunha lavadora deixándose caer con inaudible estrondo sobre o lombo dun cometa. Os marcos epistemolóxicos. Hai que **mover eses marcos**. Mover os marcos.

Os defensores das chamadas **Cultura Humanística** e **Ciencia** -as instituídas e apoltronadas, os científicos e intelectuais que viven da súa endogamia-, pasaron os últimos séculos sen relacionar ás claras ambas formas de curiosidade primate. Con todo, si houbo grandes achegas, sobre todo nese século XX cheíño de desastres humanitarios por avances científicos, de éxitos científicos por reconsideracións humanísticas: en definitiva, de simbiose promiscua entre tecnoloxía, arte e ciencia.



A un dos primeiros en poñer un pé en cada un dos dous abismos, **Charles Percy Snow** [non moi relevante como físico nin como escritor de ciencia-ficción, todo hai que dicilo, malia dedicarse a ambas cousas], chovéronlle acedas críticas trala súa conferencia «As dúas culturas e a revolución científica» [Cambridge, 1959] na que se exaspera pola falta de conciliación e caso mutuo entre humanidades e ciencias. Unha das críticas máis rigorosas proveu de **Susan Sontag** desde «Unha cultura e a nova sensibilidade» [1965], onde desmonta a tese de Snow aducindo que tal conciliación xa se leva a cabo na nova sensibilidade artística de entón, polo que devandito abismo sería, máis ben, un espellismo. Cultura haivos unha soa, vén a dicir.

Sontag elabora a súa crítica desde unha perspectiva que a día de hoxe resulta audaz pero timidamente científica. Nestes 50 anos transcorridos desde aquela «nova sensibilidade» a nosa especie mirouse a si mesma desde o espazo [o noso saganiano *punto azul celeste*], intensificou e mutou as súas relacións cara ao invisible por mor do desenvolvemento virtual [«O 99% do que ti es é invisible e intocable», así dicía o científico e arquitecto, e se cadra un pouco

meigo, Buckminster Fuller] e, en definitiva, **entrelazouse coa máquina**. Para ben e para mal. Somos simios biónicos, imitamos á natureza cos nosos enxeños. E pouco tardamos en vernos convertidos en *cyborgs*: aquelas «extensións humanas» que vía McLuhan en toda innovación tecnolóxica [as lentes son ollos máis grandes, a roda pés máis veloces, a roupa é pel máis protectora] desembocan na intelixencia artificial. Unha **extensión do noso cerebro entre as mans**. Curioso: **igual que un libro**.

A IA é unha forma de diseccionar o noso cerebro, de tomalo na palma da man coma se fose Yorick e preguntarnos quen vén cear esta noite.

Sontag fixo un esforzo admirable por tratar de deixar claro que ciencia, tecnoloxía e humanidades hai xa tempo viven o seu idilio entre esa enigmática «nova sensibilidade», que nos anos 60 non era senón unha minoría intelectual. E o certo é que se adiantou a albiscar a gran metáfora, e o gran pretexto, que a día de hoxe supón a ciencia para a literatura, a arte ou o cine.

No entanto, lembro que me acho dentro dunha revista chamada *Pro Texta*: os textos son dispositivos de acción. De protesta. E gustaríame deixar claro que **a ciencia non debería quedarse tan só nunha metáfora**, un clic «moderno» para titular *best-sellers* ou darse ás performances -aínda que é inevitable que moitas e moitos se suban a ese carro mediocre-. «Interstellar» é un exemplo recente de como aproveitar en cine, mal ou ben, conceptos complexos de astrofísica e matemática [o bipolar que é o tempo suxeito a leis de relatividade, o tesseracto] ao servizo dunha trama de fidelidade familiar, con mocos, bágoas, malentendidos e promesas.



Creo que é a **curiosidade** o punto xeométrico que comparten por exemplo unha investigación científica, da disciplina que sexa, e unha obra humanística honesta. Sen curiosidade, sen «**que sucedería se**», sen o «a ver que pasa se facemos isto», sen o «que raro isto, parece coma se...» a nosa especie produce obras que poden brillar un intre coma un meteoro, pero nacen clinicamente mortas.

Curiosidade malsá, si. Esa mesma. A de Pandora. A da esposa de Barba Azul. Esa *curiosità* feminina que no s. XVI Cesare Ripa debuxaba como muller furiosa e pouco amiga de peitearse. A curiosidade como forza xeratriz e mutante. E a curiosidade entusiástica, a desmelenada, a que semella fóra de lugar nun proxecto tan aparentemente peiteado e racional como o Gran Colisionador de Hadróns pero sen dúbida forma parte das súas raíces.

A curiosidade non mata gatiños. Os gatiños viven felizmente nas súas casas ou facendo monadas en internet e viven/non viven en caixas de físicos vieneses do pasado século. Creo que esa cualidade humana, a curiosidade -irmá da divagación, o ensoñamento- emparéntase coa **empatía** [e ti... que sentes ti, vós?]. Sen empatía dificilmente teríanos preocupado o máis mínimo investigar

outros seres vivos [bioloxía], e vexo pouco probables as ciencias sociais e, por suposto, a narrativa. O mecanismo de creación de personaxes, sexamos chejovianos ou non, é facerse pasar por outro, por outra. Até por algo non vivo, como a nave do conto «O martelo», de Stanislaw Lem, precursora de Hal-9000 ou Nexus 6.



Creo no principio investigador e rigoroso como creo no principio soñador e literario. E ambos calcetáronse dende hai tanto tempo que, ou non quixemos lembralo, ou a «institucionalización» e funcionariado da Cultura e a Ciencia non nolo deixaron apreciar ben.

Desde a música das esferas de Kepler á protociencia-ficción de Mary Shelley, desde os irreais deseños de *Ascidiae* de Ernst Haeckel á divulgación poética de Carl Sagan, **a ciencia sen un relato literario ou artístico que a sustente é unha carcasa baleira**. As humanidades dotan de **contido** calquera empresa humana e a ciencia é tamén un emprendemento, unha ansia: a de **descifrar unha linguaxe, un texto, que non foi creado por ninguén**.

O universo é un texto literario, un relato no tempo. A boa literatura é aquela que retorce a lingua coma un trazo: é boa porque é *constrictor*. Pero tamén recablea a lingua para, nun pinchacarneiro moi *wittgenstein*, este mundo expanda os seus límites en tanto expandimos os límites da nosa linguaxe. Quizais confío de máis na linguaxe. E non nunha soa. Linguaxes, por sorte, hai a oito.

Recablear a escrita é pensar o impensable. Un experimento de proba e erro. Quen o probou, sábeo ben.

Para lograr sermos *sapiens* nesa delicada arte de gañarnos a vida sen perdernos a vida, humanidades e ciencias han seguir vivindo enguedelladas como dende os gregos: non se entende a ciencia sen as políticas sociais que a nutren e financian, nin a literatura ou a fotografía sen a aura experimentadora que nos chama a fisgar e empatizar co todo. Tréznanse en espiral. Son espirais de ADN na nosa maneira de ser [se o somos] *sapiens*.

Estíbaliz...Espinosa